

**ACTA DA SESION ORDINARIA DA COMISION MUNICIPAL DE GOBERNO  
CORRESPONDENTE O DIA 13 DE MAIO DE 1996.-**

Na Casa do Iltmo. Concello de Ribadavia o día trece de Maio de mil novecentos noventa e seis; ás sete da tarde xúntanse os señores que de seguido se sinalan para celebraren a sesión ordinaria da Comisión Municipal de Goberno correspondente a esta data: Alcalde-Presidente, Don Jaime Dávila Sánchez.-  
Concelleiros: Don José Pérez Iglesias, Don Amando Martínez Deaño, e Don Celso Sotelo Barroso.

Está presente o Secretario-Interventor accidental, Don Vicente Soto Rodríguez.

Aberta a sesión polo Sr. Alcalde pásase de seguido ó estudio dos asuntos que conforman a anunciada Orde do Día, que resultan se- los seguintes:

**1.- ACTAS ANTERIORES.-**

A Comisión Municipal de Goberno, por unanimidade, aproba o borradores das Actas das sesións anteriores, que foron as celebradas os pasados días 6 e 8 de Maio.

**2.- OBRAS MAIORES.-**

Non houbo.

**3.- ESCRITOS DE SEÑORES CIUDADANS.-**

Visto o escrito de Don Antonio Bóveda Osorio, veciño desta Vila, con domicilio na rúa Avda. Redondela, 37, 5ºB, no que interesa información urbanística aplicable a unha finca da súa propiedade sita na Estrada de Ribadavia a Francelos, a Comisión Municipal de Goberno, por unanimidade, presta aprobación ó informe emitido polos servicios técnicos municipais que di: " " Ordenanza de aplicación 14.1 RC: "14.1.- ORDENANZA RC: RESIDENCIAL CERRADA.- DEFINICION: Espacio, en ordenación cerrada, con patios interiores, de uso xeralmente de vivenda en plantas altas e de

varios usos na baixa e sotos. Na planta soto só se permitirá o uso de garaxe-aparcamento ou como almacén anexo ó uso comercial.- AMBITO TERRITORIAL.- O sinalado no plano de P-4. Aliñacións, rasantes e ordenación.- USOS ADMITIDOS.- Residencial: vivenda colectiva ou unifamiliar entre medianeiras.- Industrial: categoría, 1ª.- Comercial: Tódolos graos.- Dotacional: Primeiro grao.- NORMAS DE VOLUME.- CONDICIONS DE POSICION.- Aliñación e rasantes: as de planeamento.- CONDICIONS DE PARCELACION: Solar mínimo: 60 m2; fronte mínima, 6 metros.- Poderán admitirse menores dimensións por xustificada imposibilidade física derivada do parcelario.- CONDICIONS DE EDIFICACION: A altura e plantas permitidas, así como o fondo de edificación son as seguintes:

Ancho da rúa	Altura de cornisa	Nº de plantas	Fondo edific.
Menos 10	14	4	14
De 10 a 20	13,50	4	20.

O espacio interior do polígono trazando paralelas ás aliñacións exteriores á distancia sinalada como fondo de edificación será considerada como patio de mazá. Permítese aproveitamento baixo cuberta habitable sen computar a efectos de edificabilidade. A planta soto poderá ocupa-lo patio da mazá.- A efectos de creación de patios de parcela estarase ó establecido no Decreto 311/1992, do 12 de Novembro, sobre supresión da cédula de habitabilidade".

Visto o escrito de Dona Venilde Asunción Rodríguez Pérez, veciña da Quinza, no que interesa autorización para construción de vivenda unifamiliar na rúa Adegas, 26, do devandito lugar, a Comisión Municipal de Goberno, por unanimidade, presta aprobación ó informe emitido polos servizos técnicos do Concello sobre condicións de edificación da finca na que se pretende dita construción, que di:" Os efectos urbanísticos de edificar no solo que se sinala no proxecto presentado o 2 de Marzo de 1996, RE nº 669 e tratándose a estes efectos de SNU/N.- Previo á concesión da licenza de obra, estarase ó que sinala o artigo 42 LASGA e concurrentes.- Polo tanto, aportará a documentación que sinala a LASGA a fin de inicia-lo expediente previo de AUTORIZACION.- E aplicable a Ordenanza 6.3 SNU/N, SOLO NON URBANIZABLE NORMAL- "6.3.1.- DEFINICION.- Espacio destinado á explotación directo do solo, xa sexa agrícola, forestal, pecuaria, así como á explotación de depósitos e extracción de terras, rocas e minerais.- 6.3.2.- AMBITO TERRITORIAL.- Todo o territorio municipal, excepto o calificado como urbano, de reserva urbana ou non urbanizable doutro tipo.- 6.3.3.- NORMAS DE USO.- 6.3.3.1.- USOS PREVISTOS.- Explotacións agrícolas, pecuarias e forestais; explotacións de depósitos petrográficos e mineralóxicos; construcións vinculadas ás obras públicas;

edificaci3ns e instalaci3ns de utilidade p3blica ou social; vivendas familiares sen formar n3cleo, campings, etc.- 6.3.3.2.- USOS TOLERADOS.- Industria vinculada a dep3sitos. Industrias illadas. Almac3ns de productos insalubres, nocivos, t3xicos ou perigosos. Grande Industria.- 6.3.4.- NORMAS DE VOLUME.- 6.3.3.4.1.- CONDICIONS DE POSICION.- Retranqueo m3nimo: frontal, cinco metros a partir da arista exterior da calzada; lateral posterior: usos de vivenda, tres metros. Usos menores (casetas, alpendres, etc.), sen l3mite; outros usos, tres metros.- 6.3.4.2.- CONDICIONS DA PARCELA.- Parcela m3nima, unidade de cultivo.- 6.3.4.3.- CONDICIONS DE EDIFICACION.- Altura m3xima: uso de vivenda, d3as plantas ou oito metros; usos menores, unha planta ou cinco metros; outros usos, os que requira a explotaci3n ou proceso debidamente xustificados.- En concurrencia co artigo 24 das NN.SS.P..- O Concello de Ribadavia corresponde 3 a 3rea 2 cunha superficie m3nima de parcela edificable de 4.000 m2.- Previo 3 obtenci3n de licencia, tramitarase ante esta Administraci3n Municipal a obtenci3n da "autorizaci3n" segundo sinala o artigo 42 LSG".

Examinado o expediente promovido por Don Manuel Alonso Alvarez, veci3o de Francelos, en virtude de instacia n3mero 404, do 3 de Febreiro do corrente ano, solicitando licencia municipal para instalaci3n dun dep3sito de G.L.P. de almacenamento de gas propano comercial, actividade comprendido no Regulamento de Actividades Molestas, Insalubres, Nocivas e Perigosas, aprobado por Decreto 2.414/1961, do 30 de Novembro.- RESULTANDO.- Que se cumpriron os tr3mites de informaci3n p3blica e notificaci3n persoal 3s veci3os inmediatos incorporando os informes do Xefe Local de Sanidade e dos t3cnicos congruentes coa natureza da actividade.- CONSIDERANDO.- Que o proxecto re3ne os requisitos esixidos que, en canto 3 s3a posible repercusi3n sobre a sanidade ambiental e as medidas correctoras necesarias para garanti-la tranquilidade, salubridade e seguridade cidadana e a s3a adecuaci3n 3 medio ambiente suxetarase 3 informe que emita a Comisi3n Provincial de Medio Ambiente.- CONSIDERANDO.- Que o emprazamento proposto 3 conforme co uso urban3stico asignado para a zona no planeamento urban3stico e CONSIDERANDO que na zona ou nas s3s proximidades non existe risco de actividades xeradoras de efectos aditivos an3logos.- Visto o Decreto 2414/61, do 30 de Novembro e demais disposici3ns concordantes de aplicaci3n, a Comisi3n Municipal de Goberno, por unanimidade, acorda: 1.- Informar favorablemente a concesi3n da licencia municipal instada por Don Manuel Alonso Alvarez para a instalaci3n dun dep3sito de G.L.P. de almacenamento de gas propano comercial no lugar de Francelos, xa que no expediente observ3ronse t3dalas prescripci3ns que establece o devandito

regulamento e disposicións complementarias.- 2.- Dar traslado do expediente completo á Comisión Provincial de Medio Ambiente da Xunta de Galicia ós efectos previstos no artigo 33 do referido Regulamento en relación coa calificación da actividade.

Visto o escrito presentado por Dona Maria del Carmen Rodríguez Pérez adxudicataria do servizo de bar-cafetería do polideportivo municipal, adxudicación realizada na Comisión Municipal de Goberno na súa sesión ordinaria de data 27 de Novembro de 1995, no que solicita a resolución do contrato ante a imposibilidade de seguir explotando o servizo por non ser rendible e incluso antieconómico para os seus intereses, e visto o artigo 112 c) da Lei 13/1995 de Contratos das Administracións Públicas, onde se establece coma causa de resolución do contrato o mutuo acordo entre a Administración e o contratista, así coma tamén os artigos 113/4 da LCAP no que se establece que a resolución por mutuo acordo sólo poderá ter lugar cando non concorra outra causa de resolución imputable ó contratista e sempre que razóns de interese público fagan innecesaria ou inconveniente a permanencia do contrato, e o artigo 166 do Regulamento de Contratos do Estado no que se establece que a administración só deberá presta-lo seu consentimento á resolución do contrato por mútuo acordo, cando sen existir causa para a mesma por culpa do contratista, razóns de interese público ou outras circunstancias de carácter excepcional fagan innecesaria e inconveniente a permanencia do contrato, e tendo en conta as razóns de falta de rendibilidade alegadas polo adxudicatario pois o rachamento do equilibrio económico-financieiro da concesión alegado polo adxudicatario encádrase no suposto de excepcionalidade, a Comisión Municipal de Goberno, por unanimidade, acorda acceder ó solicitado e que se lle notifique este acordo á interesada ós efectos oportunos.

#### **4.- ESCRITOS OFICIAIS.-**

A Comisión Municipal de Goberno, por unanimidade, toma coñecemento dos seguintes:

Da Delegación Provincial da Consellería de Sanidade e Servizos Sociais, resolución pola que se acordou o nomeamento de Don Antonio Cofán Sabas, como Xefe Local de Sanidade do Concello de Ribadavia.

## **5.- CUESTIONS ECONOMICAS.-**

A Comisión Municipal de Goberno, por unanimidade, acorda o completo recoñecemento da factura emitida por EXPO GALICIA-EXPOSICIONES GALLEGAS S.L., por aluguer de "stands" da XXXIII Edición da Feira do Viño do Ribeiro que ascende á cantidade de 325.000 pesetas máis I.V.E.

A Comisión Municipal de Goberno, por unanimidade, acorda o aboamento dunha factura presentada por Establecemento Alvarez Vigo S.A., por importe de 1.504.984 pesetas, en concepto de subministración de copas e estuches para a XXXIII Edición da Feira do Viño do Ribeiro.

A Comisión Municipal de Goberno, por unanimidade, acorda aproba-lo contrato entre este Concello e a Compañía de servicios artísticos e musicais "Espectáculos Camoeiras", con motivo da celebración nesta Vila da Festa de San Pedro e a XXXIII Edición da Feira do Viño do Ribeiro, por importe de 3.282.800 pesetas.- Así mesmo, esta Comisión, acorda o aboamento a conta do devandito contrato a Espectáculos Camoeiras, a cantidade de 1.200.000 pesetas.

A Comisión Municipal de Goberno, por unanimidade, acorda o aboamento da factura presentada por Gremaca y Cía, S.L., por importe de 511.560 pesetas, en concepto de instalación da iluminación artística nesta Vila, con motivo da celebración da XXXIII Edición da Feira do Viño do Ribeiro.

Examinado o expediente e de acordo cos informes dos servicios técnicos municipais que se achan no mesmo, a Comisión Municipal de Goberno, por unanimidade, acorda aproba-lo proxecto modificado da obra denominada "Depuradora en Ribadavia", obra nº 117/P.O.L./92, de referencia 1263-M, Marzo 1993, redactado por Diagrama Ingeniería S.L.. Así mesmo, a Comisión de Goberno, por unanimidade, acorda aproba-las seguintes certificacións: certificación nº 1 da obra Depuradora de Residuais en Ribadavia, por importe de 2.036.920 pesetas; certificación nº 2, por importe de 2.722.937 pesetas; certificación nº 3, por importe 811.981 pesetas; certificación nº 4-liquidación, por importe de 1.502.998 pesetas, todas elas da mesma obra, as cales serán aboadas á Deputación Provincial, organismo contratante, cando as dispoñibilidades económicas do Concello así o permitan.

## **6.- ROGOS E PREGUNTAS QUE SE FORMULEN REGULAMENTARIAMENTE.-**

Non se formularon.

E sendo as oito menos cuarto do serán, o Sr. Alcalde ergueu a sesión, estendéndose a presente, da cal, coma Secretario accidental, certifico.